



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

eoiiiiii  
VILAGARCÍA DE AROUSA

# 13ª EDICIÓN CONCURSO ESPECIALIDADES DE

# Nadal

## PARTICIPANTES

Pode participar todo o alumnado matriculado no curso 2023-2024 aportando unha especialidade típica do Nadal doce ou salgada. A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.

## PRESENTACIÓN DE ESPECIALIDADES

As persoas participantes presentarán o seu prato o xoves 21 de decembro de 2023 entre as 17.00 e as 19.30 na Biblioteca da EOI. Con cada prato/especialidade entregarase un sobre pechado co nome do prato no exterior e co nome do participante, idioma e nivel que cursa no interior. Ademais, cubrirá unha ficha que lle dará o profesorado que recepciona as especialidades na Biblioteca e que deberá conter información en galego e na lingua obxecto de estudo, incluíndo o nome da especialidade, ingredientes e alérxenos que puidera conter.

## XURADO

O xurado estará composto por unha docente do centro como presidenta e un/ha alumno/a de cada idioma. Non poderá ser xurado quen presente unha especialidade a concurso.

## DELIBERACIÓN

Farase a porta pechada entre as 19.30 e as 20.15.  
A súa decisión é inapelable.

## PREMIOS

Haberá un premio ao mellor sabor e outro á mellor presentación. Ambos consistirán nun vale por valor de 30€ en utensilios e produtos de cociña nunha tenda local. Os premios non poden recaer na mesma especialidade. No caso de non haber un mínimo de 8 participantes, quedará deserto.

## ENTREGA DE PREMIOS

Entregaranse ás 20.15 no acto que se celebrará no hall da EOI.

## DEGUSTACIÓN

Trala entrega de premios, procederemos a probar as especialidades até fin de existencias ou até as 21.15.

## PUBLICIDADE

Durante o evento, o centro poderá tomar imaxes das especialidades e da entrega de premios, para a súa posterior publicación nas canles de difusión: redes sociais X, Instagram, Facebook e a páxina web.





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

eo   
VILAGARCÍA DE AROUSA

# OPERACIÓN KILO

*de Nadal con*



**Cruz Vermella**

## DE QUE SE TRATA?

Todos os anos a EOI de Vilagarcía quere contribuir cunha organización benéfica da contorna local. Este ano, tanto a operación Kilo como a propia recadación das rifas para o sorteo das cestas irá destinada á **Cruz Vermella do Salnés**.

A Cruz Vermella desenvolve diferentes programas de intervención social, cooperación internacional, formación, saúde, medio ambiente, voluntariado e emerxencias. Estas actuacións están dirixidas principalmente a persoas de colectivos en risco de exclusión social. A Cruz Vermella do Salnés xestiona o servizo do centro de acollida ou "acollida transitoria" de transeúntes

## ALIMENTOS SOLICITADOS


Este ano, Cruz Vermella solicitou aportar **alimentos non perecedoiros de Nadal, como turróns, polvoróns, e outras**; xa que soen ser os grandes olvidados nas recollidas de alimentos.

## ONDE OS DEIXO?

Se vos animades a traer alimentos para a operación Kilo con Cruz Vermella, **avisade en Conserxería**, para que os garden almacenados até que a organización nolo recolla a nós.

## ATA QUE DÍA SE PODEN DEIXAR?

Podedes traer alimentos **até o xoves 21 ás 21.30**, que será o día do Festival de Nadal, e antes das vacacións do período no lectivo.





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

eoiiiiii  
VILAGARCÍA DE AROUSA

# RIFAS SOLIDARIAS

*de Nadal con*



**Cruz Vermella**

## DE QUE SE TRATA?

Todos os anos a EOI de Vilagarcía quere contribuir cunha organización benéfica da contorna local. Este ano, tanto a operación Kilo como a propia recadación das rifas para o sorteo das cestas irá destinada á **Cruz Vermella do Salnés**.

A Cruz Vermella desenvolve diferentes programas de intervención social, cooperación internacional, formación, saúde, medio ambiente, voluntariado e emerxencias. Estas actuacións están dirixidas principalmente a persoas de colectivos en risco de exclusión social. A Cruz Vermella do Salnés xestiona o servizo do centro de acollida ou "acollida transitoria" de transeúntes

## PARTICIPANTES

As rifas as venderá o profesorado titor dos grupos nas aulas, cun custo de 1€ por rifa. O profesorado poderá mercar rifas para contribuir economicamente pero non poderá optar ao sorteo da rifa.

## QUE SE RIFA?

Como xa é tradición, cada rifa da permite acceder ao sorteo dunha cesta de especialidades de Nadal de *Alimentación Los Pepes*, con produtos típicos de países de fala alemá, francesa, galega, inglesa, italiana e portuguesa.

## CANDO É O SORTEO?

A cesta sortéase o **xoves 21 ás 20.15**, que será o día do Festival de Nadal, e antes das vacacións do período no lectivo.



Imaxe da cesta do ano 2020

